RUTA DO SOLPOR: DE MUXÍA A NEMIÑA

Saíndo da **vila de Muxía** encontramos a praia de Lourido. Ten forma de cuncha, con areas limpas e brancas. A area sobe monte arriba, formando dunas que a vexetación colonizou. No alto hai un castro e, agora, algún veciño loita para que medren algúns cultivos.

Muxía, visto desde o **Monte Facho**

O **lugar de Lourido** conserva aínda a fisionomía das vellas aldeas, coas súas casas labregas e os seus hórreos de pedra e ruda imaxe. Desde aquí temos unha boa vista sobre a vila de Muxía e a ría de Camariñas, coa inconfundible silueta do faro Vilán de pano de fondo. Desde aquí Muxía aparece brandamente deitada no medio da ribeira, como dixera o poeta Gonzalo López Abente.

Á saída de Lourido encontramos unha fonte de fresca auga. Ao seu carón sae un camiño que nos leva até o cume do **monte Facho**. O nome "facho" vénlle de que aquí estaría un dos fachos ou lumes que se facían antes da chegada dos modernos faros para orientar aos barcos.

A ferida, monumento homenaxe polo **Prestige**

Paga a pena subir ao monte Facho. Desde o seu cume temos unha ampla visión de toda esta costa, desde os pardos montes de Traba ao norte até a crista do monte Pindo ao sur. Entón veremos unha liña de costa interrompida por promontorios e formada por altos cantís. Neste tramo os montes forman unha liña en paralelo á costa e caen directamente sobre ela. Son montes que superan en varios puntos os 200 metros, chegando aos 300, caso do monte Facho. Ao contactar co océano forman altos cantís, como podemos ver na coñecida como **rebeira de Viseo**, onde caen verticalmente no mar desde alturas de máis de 200 metros. A visión deste tramo de costa tería axudado a crear a imaxe desde fóra de que Galicia é un país montañoso.

Pasando Lourido chegamos ao Cachelmo, onde a paisaxe volve abrirse. **O monte Cachelmo**, recoñecible de lonxe polas súas descarnadas laxes, acubilla nas súas negras entrañas unha das furnas máis grandes de toda esta costa: a **furna da Buserana**. Unha furna é unha cavidade feita pola erosión do mar sobre unha superficie máis débil do monte.

Nesta furna situou o poeta muxián Gonzalo López Abente unha lenda. Buserán era un trobador que namorou da filla do señor do castelo desta terra. Este, descontento coa relación, mandou tirar ao trobador ao mar. Ante a desaparición de Buserán, a namorada vagaba pola costa na súa procura até que un día este saíu do fondo do mar cabalgando sobre un tombo e marchou con ela para as súas profundidades. Desde entón dise que se escoita o seu canto saír da profundidade da furna. Podemos achegarnos á furna por un carreiro que vai ao carón do mar desde a praia de Lourido. Convén lembrar o perigo de asomarse para ver a súa entrada.

Entre o Cachelmo e a **punta da Buitra** un pequeno paréntese de suavidade: a **praia de Arnela**. Arnela é nome vello para praia.

Vértigo, entre as alturas do **Arnela**

A Buitra é un promontorio de mediana altura que se mete no mar, un espazo agreste e abrupto. Non ten a denominación de cabo, e nalgún *derrotero* histórico dise que "algunos le llaman cabo", pero é o cabo que protexe un pouco a Muxía polo sur, por iso din "que ronque a Buitra!". Indo cara a súa punta temos a visión máis completa da impoñente entrada á furna da Buserana. A Buitra ten sona polos seus percebes. Toda esta costa ten sona de percebeira e está marcada polos camiños que andan os homes e mulleres que arriscan a vida para coller tan prezado manxar.

No lado contrario ao que mira a Muxía está a pequena e solitaria **aldea de Cuño**. Ao final do estreito terreo no que se asenta está o seu coído. Un coído é unha especie de praia formada por amontoamento de pedras rodadas polo mar e alí onde este ten moita enerxía. Polo seu interese xeolóxico e natural o coído de Cuño está considerado un Punto de Interese Xeolóxico.

A **pesca** é unha práctica habitual

En Cuño comeza a Ribeira de Viseo, unha costa de altos cantís. Polo interior pequenas e históricas aldeas que falan do habitar desde tempos: Cuño, **Figueiroa, Martineto**. Aldeas resistindo á soedade e ás inclemencias da xeografía. Habitar de resistencia para crear paisaxe. Antes estes montes estaban cheos de cabalos pastando libremente, será por iso que nalgunhas descricións se denomina a estes montes como "**Monte de las Yeguas**". Indo cara ao interior: Viseo, xa en terras máis abertas. Ramón Otero Pedrayo dinos que desde a Buitra a Nemiña "o litoral é un conxunto de lombos e chairas outas sobre o mar, que a penas enceta a pendedía".

Desde Viseo podemos desprazarnos cara a **Morquintián**. Este lugar asentouse na ladeira do monte Faro. No nivel máis baixo está a súa pequena igrexa románica de finais do séc. XII ou comezos do XIII, aínda que no XX tivo unha ampla reforma que afectou profundamente á fábrica románica. Chama a atención a súa porta principal cun arco de medio punto, pero sobre todo os canzorros, especialmente os do lado norte, onde se representan varias figuras humanas, como un músico e un acróbata, xunto a figuras de animais. A súa torre campanario está considerada como unha das poucas de orixe románico existentes en Galicia.

No medio das agras, e poboado de cativos carballos, hai un castro.

Touriñán é o punto máis occidental da España peninsular, o último lugar onde se pon o sol nesta terra occidental. O poeta muxián Gonzalo López Abente definiuno como "índice oucidental forte e barudo, / dedo máis longo da galega man". Está formado por un promontorio de baixa altura que se entra no mar. No *Derrotero* de 1867 dise que semella unha embarcación sen paus. E o poeta dixo que "semella co seu lombo seco e pardo / no medio da solemne soedade", pero tamén "un inspirado e fabuloso bardo". A xente non fala aquí do cabo, senón da Insua. Até hai pouco podíamos ver vacas, ovellas e cabalos pastando libremente. Este promontorio ten no seu extremo un illote, no que hai restos arqueolóxicos. O **illote** ten o nome de **Herboso ou Castelo**. Mar adentro, a famosa **laxe de Touriñán**, un baixo contra o que foron bater moitos barcos.

O faro de **Touriñán**, entre lusco e fusco

Touriñán é un espazo natural único, terra azoutada polo vento e salpicada polo salitre mariño. Habitar Touriñán é unha resistencia humana ante unha natureza adversa.

No extremo deste cabo ergueuse un faro a finais do séc. XIX (1898) e en 1981 foi substituído por unha moderna torre que se construíu ao seu carón. Este faro veu substituír a un facho que estaba no alto do monte. Un dos primeiros torreiros en Touriñán, de apelido Benlloch e orixinario da comunidade Valenciá, deixou e estendeu por esta terra este apelido tan catalán e agora tamén da Costa da Morte.

Teléfonos de Interese / Teléfonos de interés / Telephone numbers

Ayuntamiento / Town Hall 981 742 001 / 981 742 117
Oficina de información turística / Tourist Information Bureau 981 742 001 / 981 742 563
Taxis 981 742 070
Policía Local / Local Police 680 409 875
Protección Civil / Civil Protection 981 742 301 / 981 742 497
Guardia Civil 981 742 002
Centro de Salud /Community Health Centre 981 742 066

Podes aloxarte / Puedes alojarte / You can stay at

Casa de Trillo 981 72 77 78
Casa Castiñeira 981 748 263 / 647 562 742
Casa de Lema 981 729 813 / 628 000 068

Wikiloc *Ruta do Solpor de Europa, de Muxía a Nemiña*
es.wikiloc.com/wikiloc/view.do?id=9045904

Textos/ Texts *Manuel Vilar*

Financiado por: Deputación DA CORUÑA · Concello de Muxía

Colabora: Asociación Turismo Rural Muxía Natural

Touriñán é unha pequena parroquia formada por tres lugares: Touriñán**, Moreira e Campos**. Este, con só dúas casas, forma o lugar máis occidental do territorio español. Moreira está nun estreito val ao abrigo, onde tamén está a igrexa parroquial de esvelta torre. Xunto a esta as ruínas da casa reitoral, cun relevo da lúa e sol na súa fachada. Ao final do estreito val unha pequena praia, cunha metade coído, e onde se perde o regato que desemboca na praia, a outra metade é de fina area.

Touriñán aparece citado nun documento do séc. X cando o bispo san Rosendo dota a súa fundación de Celanova cuns bens situados "... in Nemancos insula Touriniana". E esta tamén unha das primeiras referencias documentais á Terra de Nemancos.

De Touriñán imos cara a **Nemiña** por un camiño ao carón do mar. Nemiña é unha pequena parroquia que mira cara ao sur, cara a Fisterra. A súa pequena ría tivo importancia na historia da navegación, pois era un lugar de recalada despois de pasar o cabo Fisterra e antes de encarar o paso do de Touriñán. A pequena ría ofrecía bo abrigo aos barcos nesta costa difícil. Desde o mar era identificada polo monte de area que sube desde a súa praia e chega aos 200 metros. Hoxe a **praia de Nemiña** é concorrida polos surfistas.

Nemiña ten a igrexa románica máis occidental, a que recibe os últimos raios do sol antes de que este se afunda na inmensidade do océano. A pequena igrexa é de comezos do XIII. Nemiña tamén ten sona porque até aquí viña, desde Ponteceso, o poeta Eduardo Pondal a estudar. Grazas a esta estadía son moitos os topónimos muxiás que aparecen na poesía do bardo Pondal.

Posta de sol desde a **praia de Nemiña**



	Lugares / Places	Distancias Distances
1	Santuario da Barca / Temple of A Barca 43º 6' 43" N - 9º 13' 10" W	km. 0
2	Secadoiro de Congrio / Conger Dryer 43º 6' 17" N - 9º 13' 12" W	km. 0,9
3	Praza do Coído / Coído Square 43º 6' 10" N - 9º 13' 6" W	km. 1,3
4	Campo de fútbol / Football stadium 43º 5' 35" N - 9º 12' 16" W	km 2,5
5	Praia de Lourido /Lourido beach 43º 5' 16" N - 9º 13' 16" W	km. 3,3
6	Aldea de Lourido / Village of Lourido 43º 4' 55" N - 9º 13' 42" W	km. 5,3
7	Praia de Arnela / Arnela beach 43º 4' 55" N - 9º 13' 42" W	km. 7,8
8	Punta de A Buitra / Buitra peak 43º 5' 22" N - 9º 15' 19" W	km. 10,6
9	Aldea de Cuño / Village of Cuño 43º 4' 18" N - 9º 14' 37" W	km. 13,1
10	Boleira de Cuño / Cuño pebble beach 43º 4' 20" N - 9º 14' 56" W	km. 13,5
11	Aldea de Moreira / Village of Moreira 43º 2' 32" N - 9º 15' 37" W	km. 17,4
12	Igrexa de Moreira / Church of Moreira 43º 2' 21" N - 9º 15' 34" W	km 18
13	Praia de Moreira / Moreira beach 43º 2' 54" N - 9º 15' 46" W	km 18,6
14	Aldea de Touriñán /Village of Touriñán 43º 2' 16" N - 9º 16' 16" W	km. 22,4
15	Aldea de Campos / Village of Campos 43º 2' 21" N - 9º 16' 45" W	km. 22,9
16	Cabo Touriñán /Touriñán Cape 43º 3' 11" N - 9º 17' 53" W	km. 23,6
17	Illote de Castelo / Castelo Islet 43º 2' 52" N - 9º 18' 3" W	km. 23,9
18	Igrexa de Nemiña / Church of Nemiña 43º 1' 14 '' N 9º 16' 17'' W	km. 28,6
19	Praia de Nemiña / Nemiña beach 43º 0' 30" N - 9º 15' 38" W	km. 29,6



RUTA DEL ATARDECER: DE MUXÍA A NEMIÑA

Saliendo de la **villa de Muxía**, encontramos la **playa de Lourido**. Tiene forma de concha, con arenas limpias y blancas. La arena sube monte arriba, formando dunas que la vegetación colonizó. En el alto hay un castro y, ahora, algún vecino lucha para que crezcan algunos cultivos.

Muxía, vista desde el lugar de **Lourido**

El lugar de Lourido conserva aún la fisonomía de las viejas aldeas, con sus casas labriegas y sus hórreos de piedra y ruda imagen. Desde aquí tenemos una buena vista sobre la villa de Muxía y la ría de Camariñas, con la inconfundible silueta del faro Vilán de paño de fondo. Desde aquí, Muxía aparece blandamente acostada en medio de la ribera, como dijera el poeta Gonzalo López Abente.

A la salida de Lourido encontramos una fuente de fresca agua. A su lado sale un camino que nos lleva hasta la cumbre del **monte Facho**. El nombre *facho* procede de que aquí estaría uno de los fuegos que se hacían antes de la llegada de los modernos faros para orientar a los barcos.

Merece la pena subir al monte Facho. Desde su cima tenemos una amplia visión de toda esta costa desde los pardos montes de Traba al norte hasta la cresta del monte Pindo al sur. En este tramo los montes forman una línea en paralelo a la costa y caen directamente sobre ella. Son montes que superan en varios puntos los 200 metros, llegando a los 300, caso del monte Facho. Al contactar con el océano forman altos acantilados. Como podemos ver en la conocida como **ribera de Viseo**, donde caen verticalmente en el mar desde alturas de más de 200 metros. La visión de este tramo de costa habría ayudado a crear la imagen desde fuera de que Galicia es un país montañoso.

Pasando Lourido llegamos a Cachelmo, donde el paisaje vuelve a abrirse. **El monte Cachelmo** reconocible de lejos por sus descarnadas lajas, alberga en sus negras entrañas una de las cavernas marinas más grandes de toda la costa: **la *furna* de Buserana**. Una *furna* es una cavidad hecha por la erosión del mar sobre una superficie más débil del monte.

Sala do Perello

En esta *furna* situó el poeta muxián Gonzalo López Abente una leyenda. Buserán era un trovador que se enamoró de la hija de un señor del castillo de esta tierra. Este, descontento con la relación, mandó tirar al trovador al mar. Ante la desaparición de Buserán, la enamorada vagaba por la costa en su búsqueda hasta que un día salió del fondo del mar cabalgando sobre un tumbo y marchó con ella para sus profundidades. Desde entonces, se dice que se escucha su canto salir de la profundidad de la *furna*. Podemos acercarnos a la *furna* por un sendero que va al lado del mar desde la playa de Lourido. Conviene recordar el peligro de asomarse para ver su entrada.

Entre el Cachelo y **la punta de A Buitra** un pequeño paréntesis de suavidad: **la playa de Arnel**a. Arnela es nombre viejo para playa.

Dicen que la ***Pedra dos cadrís*** tiene propiedades curativas

A Buitra es un promontorio de mediana altura que se mete en el mar, un espacio agreste y abrupto. No tiene la denominación de cabo, y en algún derrotero histórico se dice que "algunos le llaman cabo", pero es el cabo que protege un poco a Muxía por el sur, por eso dicen "que ronque a Buitra!" Yendo cara su punta tenemos la visión más completa de la imponente entrada a la *furna* de A Buserana. A Buitra tiene fama por sus percebes. Toda esta costa tiene fama de ser zona de percebes y está marcada por los caminos que andan los hombres y mujeres que arriesgan la vida para coger tan preciado manjar.

En el lado contrario al que mira a Muxía esta la pequeña y solitaria **aldea de Cuño**. Al final del estrecho terreno en el que se asienta está su *coído*. Un coído es una especie de playa formada por amontonamiento de piedras rodadas por el mar y allí donde este tiene mucha energía. Por su interés geológico y natural el *coído* de Cuño está considerado un Punto de Interés Geológico.

En Cuño comienza la Ribera de Viseo, una costa de altos acantilados. Por el interior pequeñas e históricas aldeas que hablan del habitar desde tiempos: Cuño, **Figueiroa, Martineto**. Aldeas resistiendo la soledad y las inclemencias de la geografía. Habitar de resistencia para crear paisaje. Antes estos montes estaban llenos de caballos pastando libremente, será por eso que en alguna descripción se denomina a estos montes como **Montes de las Yeguas**. Yendo cara el interior: Viseo, ya en tierras más abiertas. Ramón Otero Pedrayo nos dice que desde a Buitra a Nemiña "el litoral es un conjunto de lomas y planicies sobre el mar, que apenas corta la pendiente".

Desde Viseo podemos desplazarnos hacia **Morquintián**. Este lugar se asentó en la ladera del monte Faro. En el nivel más bajo está su pequeña iglesia románica de finales del siglo XII o comienzos del XIII, aunque en el XX tuvo una amplia reforma que afectó profundamente a la fábrica románica. Llama la atención su puerta principal con un arco de medio punto, pero sobre todo los canzorros sobre todo los del lado norte, donde se representan varias figuras humanas, como un músico y un acróbata, junto a la figuras de animales. Su torre campanario está considerada como una de las pocas de origen románico existentes en Galicia.

Islote de Herboso o Castelo, en **Touriñán**

En el medio de los campos, y poblado de pequeños robles, hay un castro.

Faro de **Touriñán**

Touriñán es el punto más occidental de la España peninsular, el último lugar donde se pone el sol en esta tierra occidental. El poeta muxián Gonzalo López Abente lo definió como "índice occidental fuerte y vigoroso/dedo más largo de la gallega mano" Está formado por un promontorio de baja estatura que se entra en el mar. En el libro Derrotero de 1867 se dice que parece una embarcación sin palos. Y el poeta dijo que "se parece con su loma seca y parda/en el medio de la solemne soledad", pero también "un inspirado y fabuloso bardo". La gente no habla aquí del cabo, sino de la insula. Hasta hace poco, podíamos ver vacas, ovejas y caballos pastando libremente. Este promontorio tiene en su extremo un islote, en el que hay restos arqueológicos. El islote tiene el nombre de **Herboso o Castelo**. Mar adentro, la famosa laja de Touriñán, un bajo contra el que fueron a chocar muchos barcos.

Touriñán es un espacio natural único, una tierra azotada por el viento y salpicada por el salitre marino. Habitar Touriñán es una resistencia humana ante una naturaleza adversa.

En el extremo de este cabo se levanta un faro a finales del siglo XIX (1898) y en 1981 fue sustituido por una moderna torre que se construyó a su lado. Este faro viene a sustituir a un *facho* que estaba en lo alto del monte. Uno de los primeros fareros en Touriñán, de apellido Benlloch, es originario de la Comunidad Valenciana, dejó y extendió por esta tierra este apellido tan catalán y ahora también de la Costa da Morte.

Touriñán es una pequeña parroquia formada por tres lugares: Touriñán, **Moreira y Campos**. Éste, con sólo dos casas, forma el lugar más occidental del territorio español. Moreira está en un estrecho valle de abrigo, donde también está la iglesia parroquial de esbelta torre. Junto a ésta las ruinas de la casa rectoral, con un relevo de la luna y sol en su fachada. Al final del estrecho va una pequeña playa, con una mitad *coído*, y donde se pierde el riachuelo que desemboca en la playa, la otra mitad es de fina arena.

Touriñán aparece citado en un documento del siglo X cuando el obispo San Rosendo dota su fundación de Celanova con unos bienes situados "in Nemancos Insula Touriniana". Es ésta también una de las primeras referencias documentales a la Tierra de Nemancos.

De Touriñán vamos hacia **Nemiña** por un camino al lado del mar. Nemiña es una pequeña parroquia que mira cara el sur, cara Finisterre. Su pequeña ría tuvo importancia en la historia de la navegación, pues era un lugar de arribada después de pasar el cabo Finisterre y antes de encarar el paso del de Touriñán. La pequeña ría ofrecía buen abrigo a los barcos en esta costa difícil. Desde el mar era identificada por el monte de la arena que sube desde su playa y llega a los 200 metros. Hoy la **playa de Nemiña** es visitada por los surfistas.

Nemiña tiene la iglesia más occidental, la que recibe los últimos rayos del sol antes de que éste se hunda en la inmensidad del océano. La pequeña iglesia es de comienzos del XIII. Nemiña también tiene fama porque hasta aquí venía, desde Ponteceso, el poeta Eduardo Pondal, a estudiar. Gracias a esta estancia son muchos los topónimos muxiáns que aparecen en la poesía del bardo Pondal.



De agosto a enero, la **playa de Nemiña** recibe aves migratorias

SUNSET ROUTE: FROM MUXÍA TO NEMIÑA

Leaving the **town of Muxia**, we find **Lourido beach**. It is shaped like a shell, with clean, white sand. The sand ascends up the mountain, forming dunes which have been colonized by th vegetation. There is a fort on the peak and, at present, some residents are struggling to make some crops grow.

Fishermen working near **Muxía**'s port

Lourido still preserves the original features of the old villages, with its farmhouses, its raised granaries and rugged image. From this point, we have a good view of the town of Muxia and the Camariñas estuary, with the unmistakable silhouette of the Vilan lighthouse in the background. From here, Muxia appears mildly lying in the middle of the seashore, as the poet Gonzalo López Abente once said.

Temple of A Barca

Outside Lourido, we find a fresh water fountain. Next to it, there is a path which takes us to the peak of **Mount Facho**. The name *facho* comes from the fact that one of the fires created before the arrival of modern lighthouses, in order to guide ships, was placed here.

Climbing up to mount Facho is well worth it. From its peak, we have a wide view of all the coast, from the brown Traba mountains to the north, up to the ridge of mount Pindo to the south. In this section, the mountains form a parallel line with the coast and fall directly over it. They are mountains that exceed 200 meters in several points, reaching 300 as is the case of Mount Facho. High cliffs are formed when they hit the sea, as we can see in the so-called **Viseo Seashore**, where they vertically fall to the sea from heights of more than 200 meters. The view of this stretch of coastline has helped to create an outside image of Galicia as a mountainous country.

Once you pass Lourido, you arrive at Cachelmo, where the landscape opens up again. **Mount Cachelmo**, recognizable from afar due to its rough sandstone, within its dark core, is home to one of the biggest marine caves of the entire coastline: the **Buserana *furna***. A *furna* is a cavity created by the erosion of the sea against a weaker surface of the mountain.

In this *furna*, the Muxian poet, Gonzalo López Abente, placed a legend. Buserán was a minstrel who fell in love with the daughter of a castle lord from this land. The lord, unhappy with the relationship, ordered that the minstrel be thrown to sea. With Buserán's disappearance, the lover wandered along the coast searching for him, until, one day, he emerged from the sea riding a wave and took her with him into its depths. Ever since then, it is said that her singing is heard coming from the depths of the *furna*. We can approach the *furna* down a path that goes along the sea-shore from Lourido beach. It is important to remember the danger of leaning out to see its entrance.

Touriñan Cape is the most westerly point of the Iberian Península

Between the Cachelmo and the **A Buitra point**, there is a brief parenthesis of smoothness: **Arnela beach**. Arnela is an old fashioned name for beach.

A Buitra is a medium height promontory that goes into the sea, a rugged and abrupt space. It does not have the name of cape, and in some historical path it is said that some people called it a cape, but it is the cape that protects Muxia to the south, that is why they say "let the Buitra snore!". Going towards its peak, we have the most complete view of the impressive entry to the A Buserana *furna*. A Buitra is famous for its barnacles. This whole coastline has a reputation for its barnacles and it is marked by the paths used by men and women who risk their lives in order to collect such a precious delicacy.

Discover beautiful landscapes

On the opposite side that looks towards Muxia, you have the small, lonely **village of Cuño**. At the end of the narrow terrain in which it stands, is its *coído*. A coído is a type of beach formed by the accumulation of rock brought in by the sea and it has a lot of energy wherever it may be found. Due to its geological and natural interest, the Cuño coído is considered a Point of Geological Interest.

The Viseo Seashore begins in Cuño, a coastline of high cliffs. Within the interior, small and historical villages that tell us about living from times past: Cuño, **Figueiroa, Martineto**. Villages resisting the loneliness and harshness of the geography. Resilience in living to generate landscape. In the past, these mountains where full of horses grazing freely, it is probably due to this that, in some descriptions, these mountains are known as the **Mare Mountains**. Going into the interior: Viseo, with a more open landscape. Ramón Otero Pedrayo tells us that from A Buitra to Nemiña "the coastline is a group of hills and plains above the sea that barely cut the slope".

From Viseo we can go towards **Morquintián**. This place was situated at the slope of Mount Faro. In its lowest level you can find its small Romanesque church from the end of the XII century or beginnings of the XIII, although in the XX it underwent a comprehensive reform that deeply affected the Romanesque fabric. A striking feature is its main door with a semicircular arch, but above all, the corbels, especially the ones from the north side, where different human figures are represented: like a musician and an acrobat, along with animal figures. Its bell tower is considered to be one of the few Romanesque style towers that still exist in Galicia.

In the middle of the fields, and populated by small oaks, there is a fort.

Touriñán is the western-most point of mainland Spain, the last place where the sun sets in this western land. The Muxian poet, Gonzalo López Abente, defined it as the "strong and powerful western index/the longest finger of the Galician hand". It is formed by a short promontory that goes into the sea. In the book Derrotero from 1867, it is said that it looks like a ship without poles. And the poet said that "it looks like it with its dry, brown hill/in the middle of the solemn solitude", but also "an inspired and fabulous bard". People do not refer to this as the cape but as the island. Until recently, we could see cows, sheep and horses grazing freely. This promontory has an islet in its border, where archaeological remains can be found. The islet goes by the name of Herboso or Castelo. Offshore, the famous Touriñan rock, a base where many ships crashed against.

Touriñan is a unique, natural space, a land battered by winds and sprinkled by the marine saltpetre. To live in Touriñan is a human resistance against a hostile environment.

Splendid sunsets can be seen in the route

In the extreme east of the cape there stands a lighthouse from the end of the XIX century (1898) and in 1981 was replaced by a modern tower that was built next to it. This lighthouse came to replace a *facho* that was in the peak of the mountain. One of the first lighthouse keepers, with the surname Benlloch who is originally from the Autonomous Community of Valencia, left and extended throughout this land this typical Catalan surname which is now also from the Costa da Morte.

Touriñan is a small parish formed by three places: Touriñan, **Moreira** and **Campos**. The last, with just two houses, forms the western-most location in the Spanish territory. Moreira is located in a sheltered, narrow valley, where the parish church with the slender tower can be found. Next to it are the rectory ruins, with a sun and moon relief on the façade. At the end of the stretch comes a small beach, with a coído in one half, where a stream that flows into the beach is lost, and the other half is made up of fine-grain sand.

Touriñan appears in a X century document when Bishop San Rosendo provides his Celanova foundation with assets located "in Nemancos Insula Touriniana". This is also one of the first documentary references to the Land of Nemancos.

Parsonage at **Touriñán**

Stone cross and church at **Moreira**

From Touriñan, we go towards **Nemiña** along a road beside the sea. Nemiña is a small parish that faces the south, towards Finisterre. Its small estuary was significant in the history of navigation, as it was a port-of-call after sailing past Cape Finisterre and prior to sailing past Touriñan. The small estuary offered a good shelter for the ships in this difficult coast. From offshore, it was identified by the mountain of the sand that ascends from its beach and reaches 200 meters. Nowadays, **Nemiña beach** is visited by surfers.

Nemiña has the western-most church, which receives the last rays of sunlight before the sun sinks into the immensity of the ocean. The small church dates from the beginning of the XIII century. Nemiña is also famous because the poet, Eduardo Pondal, came here to study from Ponteceso. As a result of this stay, there are many Muxian place names that appear in the poetry of the bard, Pondal.

Nemiña, one of the best beach for sufers at Costa da Morte